



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO MUNICIPAL CELEBRADA O 14 DE DECEMBRO DE 2020

En Laxe, sendo as 20:00 horas do día 14 de decembro de 2020, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria e urxente, o Alcalde José Luis Pérez Añón presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dña. Raquel Lema Allo (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Don Francisco Charlín Oróns (PP)

Don José Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE)
Dña. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)
Dña. Bárbara Varela Álvarez
Don Fabián José Romar Lema (PSdeG PSOE)

Don Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto)

Non asisten os seguintes concelleiros:
Don Diego Soto Pereiro (PP)
Dña. Sandra Mouzo Pose (PP)

Actúa como Secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García.

Seguidamente, procédese a, deliberar sobre a seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- DECLARACIÓN DE LOITO OFICIAL POR O FALECIMENTO DE FRANCISCO MANUEL LEMA RODRÍGUEZ.

Xustifícase a urxencia da sesión polos acontecementos acaecidos na mañá do día de hoxe e polo propio contido da sesión.

Antes de dar comezo o Pleno, a Corporación municipal garda un minuto de silencio, transcurrido o cal dase lectura o acordo unánime dos membros asistentes ao Pleno.

Como testemuño da dor do pobo de Laxe, polo falecemento de Francisco Manuel Lema Rodríguez, o Pleno adopta por unanimidade o seguinte ACORDO:

Primeiro: *Declarar loito oficial dende as 00.00 horas do día 15 ata as 23.59 horas do día 17 do presente mes de decembro de 2020, durante os cales as bandeiras en todos os edificios municipais ondearán a media hasta.*

Segundo: *Mostrar a condolencia e solidariedade do Pleno deste Concello e de todos os veciños de Laxe á familia de Francisco Manuel Lema Rodríguez.*

En Laxe, a 14 de decembro de 2020

A continuación intervén o voceiro do PSdeG PSOE, Don José Manuel Mouzo Castiñeira, manifestando as súas condolencias a sobriña do falecido e concelleira deste Concello



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

e propondo que as asistencias ao presente Pleno non sexan satisfeitas, ao que acceden o resto dos concelleiros presentes.

O representante do BNG e integrante do Grupo mixto, Don Xosé Manuel Pose Lema, maniféstase no mesmo sentido expresando o seu pesar á familia do falecido.

O sr. Alcalde José Luis Pérez Añón, propón o envío dunha coroa de frores do Concello de Laxe, manifestándose a favor tódolos membros do Pleno.

Rematado o obxecto da presente sesión, o sr. alcalde da por finalizada, sendo ás 20.05 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, extendéndose por min secretaria, a presente acta asinando a continuación e neste momento e conmigo o lltmo. Sr. Alcalde-presidente para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.